



IMAXE CORPORATIVA

En todo o relativo á comunicación cómpre ter presente a imaxe corporativa. No 2023 aproveitamos o Bono Consolida para facer un investimento importante neste eido e contratamos a Rebeca Fraile (arte@arteconsentida.com) para que renovase e profesionalizase a nosa imaxe de marca.

Todo o material creado por Rebeca está no cartafol Miguel/Branding. Para entender o traballo feito, un bo punto de partida é o **Manual de marca**, que está nese mesmo cartafol e que acompaña tamén a este documento. En caso de dúbida, Rebeca é unha persoa próxima e ademais clienta da tenda, polo que hai confianza para facerlle consultas.

Entre os materiais preparados podemos atopar logotipos, banners e recursos varios para usar en redes sociais e documentos corporativos. Todos están no cartafol Miguel/Branding/RRSS ÁRBORE. É o que imos usar con máis frecuencia. No resto de cartafoles hai materiais que usamos con moita menos asiduidade (p. ex., os arquivos dos vinilos que creou para o escaparate da tenda).